

Código do documento	Código do expediente
USG12I00DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE ABRIL DE 2018.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Diego Antonio Taibo Monelos  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueroa Fuentes

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e tres de abril do ano dous mil dezaoto, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 16 DE ABRIL DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de abril de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 16 de abril de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Orde APM/401/2018, do 12 de abril, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, pola que se fixa o porcentaxe ao que se refire o artigo 131 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, a aplicar no Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. BOE núm. 96 do 20-04-2018.
- Orde do 4 de abril de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións

Código do documento <b>USG12I00DK</b>	Código do expediente <b>USG/2018/52</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V</b>	

encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2018. DOG núm. 75 do 18-04-2018.

- Anuncio do 12 de abril de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, relativo ao acordo do 12 de abril de 2018, da Xefatura Territorial da Coruña, que sinala o día 10 de maio de 2018 a partir das 12.30 horas na Casa Consistorial do Concello de Culleredo para o pagamento do prezo xusto e xuros por expropiación e imposición de servidumes de paso da instalación eléctrica denominada Modificado 1, LMTS, CTC, RBT Os Madeiros, no Concello de Culleredo (expediente IN407A 2004/130-1). BOP núm. 73 do 18-04-2018.

## 2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

- Resolución núm. 324 de data do 01/03/2018, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Pavimentación de viales en la parroquia de Ledoño", por un importe de 16.418,57 €.
- Resolución núm. 454 de data do 04/04/2018, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso de especie canina e raza Bull Terrier, co número 113, que ten o número de microchip 941000012165529, propiedade de D.<sup>a</sup> P. B. R.
- Resolución núm. 469 de data do 09/04/2018, pola que se rexistra ao animal potencialmente perigoso de especie canina e raza American Staffordshire, co número 111, que ten o número de microchip 941000021949201, propiedade de D.<sup>a</sup> N. Y. P."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
09/04/18	465	Aceptar a baixa da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento	A. S. M. E A. G. N.	
10/04/18	476	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na casa e declarar concluído o procedemento.	M. C. D.	

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data	Nº	TEMA	Persoa	Obxecto da axuda	Importe
------	----	------	--------	------------------	---------

2 de 7

Código do documento	Código do expediente
USG12I00DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0167 4051 2A3A 0A37 0V6V	

C.I.F. P-1503100-H

da resolución	resolución		beneficiaria		
28/03/18	431	Conceder unha axuda económica.	S.S.S	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.000,00 €
03/04/18	438	Conceder unha axuda económica.	A.V.C	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2018 que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 200 €.	1.000,00 €
03/04/18	440	Conceder unha axuda económica.	A.G.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 250 €.  Recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017	1.000,00 €  62,37€
06/04/18	459	Conceder unha axuda económica.	J.C.S.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 180€, e o mes de xuño por un importe de 165€.	1.065,00 €
09/04/18	462	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. J. D. B.	Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018.	62,37 €
09/04/18	463	Conceder unha axuda económica.	D. E. V. M.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 350 €.	1.050,00 €
10/04/18	475	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de	M. A. M.	Pago do recibo de electricidade	16,25 €

Código do documento	Código do expediente
USG12I00DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V	

		pago.		correspondente ao período comprendido entre o 15 de febreiro ao 14 de marzo de 2018.	
--	--	-------	--	--	--

2.2.3.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

**RESOLUCIONS DO 03/04/2018**

**Resolución 445.-** Concedendo a D<sup>a</sup>. M.L.C.D e D. M.D.R., licenza municipal para a segregación da parcela coa referencia catastral 8864802NH4986S00001XB, situada na rúa Laxe, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/78).

**Resolución 447.-** Concedendo a D<sup>a</sup>. M.D.R.P. e D. J.C.B.B., licenza municipal para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Comedo, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2017/677).

**RESOLUCIONS DO 12/04/2018**

**Resolución 520.-** Concedendo a Telefónica de España S.A.U. licenza municipal para a construción de 25 metros de canalización de 2 conductores de PVC de 110 mm., na avda. de Fonteculler (exp. UAU/2016/415)

**Resolución 521.-** Concedendo a Telefónica de España S.A.U. licenza municipal para a apertura dunha zanja de 12 m/l e un ancho medio de 0,45 m., para extensión de rede de fibra óptica na avda. de Fonteculler (exp. UAU/2016/338).

**RESOLUCIONS DO 09/04/2018**

**Resolución 471.-** Declarando a situación de fora de ordenación ao inmovible coa referencia catastral 1361212NH5916S0006MO situado na avenida Ribados, da parroquia do Burgo, e notificar a presente Resolución ao Rexistro da Propiedade para os efectos do que dispón o artigo 28.4.c) do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.(exp. UAU/2018/22)

**Resolución 472.-** Concedendo a D. M.C.Q. e D<sup>a</sup>. O.B.R., licenza municipal de obras para a construción dun garaxe e urbanización interior da parcela situada na rúa Río Xares, parroquia de Rutis (exp. UAU/2017/511)

**Resolución 473.-** Arquivando as actuacións de reposición da legalidade urbanística que se practicaron por Resolución número 593 do 06.04.2017 a D. E. P. G. pola realización dunhas obras de reforma do baixo cuberta dunha vivenda unifamiliar, situada na rúa Mosteiro de Carracedo, parroquia do Burgo (exp. UAU/2017/204).

**RESOLUCIONS DO 12/04/2018**

**Resolución 520.-** Concedendo a Telefónica de España S.A.U. licenza municipal para a construción de 25 metros de canalización de 2 conductores de PVC de 110 mm., na avda. de Fonteculler (exp. UAU/2016/415)

**Resolución 521.-** Concedendo a Telefónica de España S.A.U. licenza municipal para a apertura dunha zanja de 12 m/l e un ancho medio de 0,45 m., para extensión de rede de fibra óptica na avda. de Fonteculler (exp. UAU/2016/338).

**COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 03 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para illamento acústico no edificio de vivendas situado en Rúa Ribados, Núm. 8, Parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2018/2).



Código do documento	Código do expediente
USG12100DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V	

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 05 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por O.G.S., para renovación de baños e cociña en vivenda situada na Rúa da Fraga, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/4).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 09 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por REGAL HELADOS ARTESANOS, S.L., para obras de acondicionamento de nave para fabricación de xeados, situada en Parque Empresarial de Alvedro, Calle H, nave 13A, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/11).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 10 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por LIDL SUPERMERCADOS SAU, para obras de acondicionamento de local comercial para implantación de BAKE-OFF, situada en Avda. de Fonteculler núm. 60, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/19).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 11 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por J.T.C. para construción do cerramento dunha parcela situada en A Telva, s/n. Parroquia de Almeiras, (exp. UAU/2018/17)

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 12 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por J.J.G.S., para execución de peche perimetral nunha parcela situada en rúa San Fernando, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2017/423).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 17 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por J.A.F.G., para obras de reparación e mantemento cuberta en edificio situado en Rúa Alcalde Electo Carballo, Parroquia De Rutis, (Exp. UAU/2018/27).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 17 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por A.F.R., para reforma de cociña en vivenda situada en Avda. Xoan Carlos I, 2-3ªA, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/29).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 20 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por A.M.I., para construción peche de 14 ml. e 1,80 m.a. e instalación de dous portais, finca situada na parroquia de Rutis (UAU/2018/23).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 20 de abril de 2018, a comunicación previa presentada por A.T.I., para instalación de portal de 4,80 m.l. E 2,00 m.a., parcel situada en Lugar de Vilar, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2018/28)."

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

#### ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

##### *EDUCACULLEREDO 2017/2018*

Actividade: *Contacontos coa Dragona Ramona.*  
Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.  
Datas: 23 de abril.  
Horario: entre as 10:00 e as 12:00 h.  
Colexios participantes: CRA Culleredo.  
Curso: 4º, 5º e 6º de EI.  
Nº participantes: 60.  
Lugar: aula da Choeira.

Código do documento	Código do expediente
USG12100DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V	

Actividade: *Día da terra: roteiro guiado polos hortos municipais.*  
Programa: Educación ambiental.  
Datas: 23, 25 e 26 de abril.  
Horario: de 10:30-13:30 h.  
Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova e Díaz Pardo.  
Curso: 1º de Educación Primaria.  
Lugar: Xardín Botánico e Aula de Natureza  
Participantes: 195.

### ACTIVIDADES CULTURAIS

#### LUNS 23 DE ABRIL

Visita guiada á "Casa Museo Emilia Pardo Bazán" da Coruña por persoas dos diversos clubs de lectura das Bibliotecas Municipais de Culleredo. Un grupo irá pola mañá, de 11.30 a 13.00 h, e outro pola tarde, de 16.30 a 18.00 h.

#### LUNS 23 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:  
Obradoiro co mago Alber.  
De 4 a 9 anos. Recollida de invitacións e ás 19.00 h, acceso libre ao espectáculo.

#### LUNS 23 DE ABRIL

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h  
Audición didáctica de frauta, con alumnos/as da profesora Paloma Catalá. Entrada libre.

#### MARTES 24 DE ABRIL

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:  
Audición didáctica de clarinete, a cargo de alumnos/as do profesor Antonio Suárez. Entrada libre.

#### MÉRCORES 25 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:  
Contacontos de Carballo con botas: *Unha árbore ven a vemos.*  
De 4 a 9 anos. Recollida de invitacións.

#### XOVES 26 DE ABRIL

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 17.00 h:  
Contacontos de bebés con Charo Pita: *Dondorindongo e Dondorindinga.*  
De 0 a 3 anos. Recollida de invitacións.

#### XOVES 26 DE ABRIL

Hall do Andar C do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:  
CONCERTO EXPRES: Selva Gijón (violín). Entrada libre.  
Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:  
CULLEREDO SOA EN 44:05: Recital de piano a cargo de Javier Vázquez Grela. Entrada libre.

#### VENRES 27 DE ABRIL

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:  
Contacontos coa Dragóna Ramona: *O que escoitou a xoaniña.*  
A partir de 3 anos. Entrada libre.

#### VENRES 27 DE ABRIL

Auditorio do Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DK	USG/2018/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0I67 4Q5I 2A3A 0A37 0V6V	

CONCERTO EN FAMILIAS. Organizado pola ANPA do Conservatorio. Entrada libre.

VENRES 27 DE ABRIL

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:  
Ubu Teatro: *Leonardo e os fontaneiros.*

VENRES 27 DE ABRIL

Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:  
Inauguración da exposición de pintura de Víctor Lens. Ata o 26 de maio."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.


E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e prace  
O alcalde

José Ramón Rioboo Castro

PILAR MARÍA PASTOR NOVO  
Secretaria Xeral  
26/04/2018 10:18

  
JOSE RAMON  
RIOBOO  
CASTRO  
Alcalde-  
Presidente  
26/04/2018  
10:54

